

## ACTIVIDADES NA NATUREZA EN MANZANEDA CO ALUMNADO DE 1º DE ESO

Os días 10 e 11 de maio o alumnado de 1º de ESO participou nunha saída de actividades na natureza á estación de montaña **Manzaneda** organizada polo departamento de EF do noso instituto.

Realizaron actividades de multiaventura, tiro con arco, orientación, construción de vivacs, actividades na piscina, actividades deportivas exteriores e interiores, sendeirismo e baile na discoteca. O grupo de 78 alumnos e alumnas asistiu a esta actividade dirixido polos seus profesores/as Andrea, Luis, Jose Antonio e Luisa.

